

## María do Cebreiro: *O estadio do espello*

**Anxo Angueira**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [1999]). “María do Cebreiro: *O estadio do espello*”.  
*A Trabe de Ouro*: 37, 109-111. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo  
de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1160>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (1999). “María do Cebreiro: *O estadio do espello*”. *A  
Trabe de Ouro*: 37, 109-111.

\* Edición dispoñíbel desde o 11 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

---

MARÍA DO CEBREIRO:  
*O ESTADIO DO ESPELLO*

Ablativo Absoluto, Edicións Xerais, 1998

---

Anxo Angueira

---

Se o futuro da nosa lingua tivese que ver ou dependese da cantidade e da calidade da nosa produción literaria e sobre todo poética, se un algo ese dramático porvir que se lle agoira estivese en mans das novas promocións literarias, ben seguros podíamos estar de que as mil primaveras máis para a nosa lingua, pola parte que lles toca, comezarían a estar garantidas. Nunca antes, nunca na moderna historia das letras galegas, se ten asistido a un agromar poético tan vizoso. Desde diversas coleccións e distintos xeitos e canles editoriais ceibouse un surruchar, xestado nos oitenta pero con pulo decisivo nos noventa, que, non sendo que se negue o sistema literario galego ou se empregue o férreo paraugas protector que abre calcando na ignorancia contra o estado das letras nacionais, anda a salferir aquí e acolá, imposíbeis as idades de ouro, múltiples pingueiras de optimismo.

Sendo varias as xeracións coincidentes e moi variados os estilos e alentos poéticos, non nos cabe a menor dúbida, e a presente obra non fai máis que cofirmalo, de que

moito do vigor poético actual procede dun grupo de mozos, sobre todo de mozas, cuxo contributo en moitos casos, resulta inusitadamente temperán. Pero decote logrado, coma no caso de María do Cebreiro (1976), asombrosamente logrado.

A un écheselle a boca dunha especie de ledó orgullo —e dálle— e de secreta esperanza con poesía tan saborida como a de *O estadio do espello*. Poesía de nidias marcas singulares a respecto de todo o que se vén publicando. Falando en orixinalidade, algo que non se lle escapa á nosa autora —«(non vaia ser que todo se dixera)» p. 94—, asistimos a unha constante e mesmo obsesiva reflexión sobre a escrita, meténdole fondo ao rego aberto por varias poéticas da poesía última. María do Cebreiro elabora escrita da escrita para esnaquizar en mil anacos o espello:

kixkano ero o sinal desa árbore sagrada  
que no inverno plantou  
o deus que trouxo a escrita (p. 26)

Canto o chan e o sochán, pero o meu canto chámase elexía  
(quizais levantamento), nunca restauración.  
O berro é a utopía da palabra, o epitafio da voz (p. 34)

Lóitase sempre a cambio do fragmento,  
párrafos soterrados baixo a presión que exerce o dedo índice  
sobre a nosa memoria (p. 45)

Quen ten a tinta ten o pergameo, o dominio do mundo intelixible (p.73)

Deixei de practicar a escritura en espello,  
prefiro a confusión (p. 95)

Desde «(intencións)» ata «(adeus)», títulos do primeiro e último poemas, como en Manuel Antonio, María do Cebreiro realiza unha travesía de xeitos vangardistas na que mestura —trátase de poesía fusión—, empregando unha naturalidade exquisita e valente, o propio embigo e unha infinidade de referencias culturais e literarias sabiamente introducidas e de moi variada xinea. Moitas destas mesturas dialóxicas, algunhas cáseque *collages*, producen unha agradábel distensión, son xogo, delicada ironía («parezo un libro aberto», p. 65). Destacan así as coplas populares inseridas: «maruxiña, dáme un bico» ou «María de la O», graciosísima, e outras varias cancións, galegas e españolas simpaticamente aludidas. Non de moi outro signo son, aínda que o prexuízo lles outorgue maior envergadura, as citas máis estrictamente literarias en diferentes linguas, nin as referencias directas a escritores (véñenme á cabeza Xohana Torres e Ferrín), nin as indirectas a tantos e tantos outros de diversos terra e tempo.

Todo xira arredor do reducio de María, do nome de María, de múltiples Marías tiradas da historia universal, sobre todo da literaria, da científica e da musical: desde María de Xudea, inventora do baño maría ata Rilke (Rainer María), pasando por María a Baiteira, María Betânia, María Malibrán, María Grubbe, Mary Wollstonecraft, María Soliño, Marie Dentièrre, Mèry Laurent... Trátase dun percurso desacralizador (tampouco faltas as

galletas María) pero cun fondo claramente vindicativo e de potente rebeldía. Casos hai tamén de belísima elegía, como a dedicada á memoria de María Otero Casas:

galván ergue unha frecha e manca o vento.  
Exerce o miscrador violencia contra nós,  
eguas sen fecundar nos cortellos do pazo,  
as fillas máis pequenas e invisibles do aire.  
Os arrollos, as plumas, as veas e os tendóns  
invaden hoxe os átomos da luz. (p. 31)

Herda María o carimbo do nome e escolle dese ser tatuado, en lúcida e cultísima escolma —e libre («eu elixo ser eva podendo ser maría» p. 73)—, o fío e a tinta das que avanzaron, asume a condición das que loitaron e sufriron, das agora sempre estranxeiras, nunha revisión cara ós ancestros feminista.

Pero se esta profusión de referencias culturais e literarias é moito máis xenerosa ca en ningunha outra poética de autor ou autora novos, para nós María do Cebreiro realiza aínda un outro contributo non novidoso pero si infrecuente no apartado métrico-rítmico. Fóra dos poetas que gustan de someterse ao réxime estrofista, este é un dos poucos primeiros libros actuais onde se traballa con certa teima a música, onde se lle concede ao ritmo o protagonismo que de seu ten sempre, ou debe ter, na arte poética. Para moitos lectores será un parecer observar, neste sentido, que se escolle unha das tradicións máis ricas e importantes da poesía galega moderna: libre pero formalismo, oculto verso culto, labores artesáns. Igual non podía ser doutro xeito. Combinanse seguindo este esquema —máis outra lóxica mestura— momentos de marcado lirismo con outros onde este se esfarella irónica ou prosaicamente:

mírate nese estanque, lagoa, manancial,  
hipocrene, sequelo,  
a ferverza do xallas ou os canóns do sil  
aguas puras corrientes cristalinas  
salto mortal de léucade. (p. 67)

Os carretes devólvennos a posibilidade de ser impresionados  
pola luz, polo timbre,  
nun traxecto que vai do pasado (memoria)  
ó presente (vixilia)  
sen a penas pasar pola esperanza. (p. 59)

En babilonia os himnos gardábanse nos libros de receitas  
e nas asociacións de amas de casa  
as normas culinarias adoitaban seguirse con estricta observancia. (p. 87)

Ten pois logo esta poesía, con todo o xogo que convoca, por antre o desenfado do seu humor, unha sólida consistencia, ricos saibos de saudade, pebidas que prenden.

Benvinda a sucesión xeracional porque un froito tan singular e novo coma este, e non é o único caso, nace procedente de raíces profundas e ben seguras. «O libro de María», como se lle chama ao seu apartado central, é da mellor semente.